

Estadística de construcción de edificios. Xullo 2007

COMUNICADO

O crecemento da variación neta de vivendas en xullo de 2007 foi do 5,5% respecto ao mesmo período do ano anterior.

En xullo de 2007 a variación neta do parque de vivendas aumentou un 5,5% con respecto a xullo de 2006

A variación neta do parque de vivendas en xullo de 2007 foi de 4.145 unidades, supoñendo un aumento do 5,5% fronte á rexistrada en xullo de 2006. No que vai de ano o crecemento con respecto ao mesmo período do ano anterior é do 47,2%.

Atendendo aos distintos epígrafes que forman parte da variación neta do parque de vivendas, o crecemento interanual do 5,5% rexistrado en xullo de 2007 é consecuencia do crecemento do 7,8% das vivendas a crear en nova planta, do crecemento do 39,6% das vivendas en rehabilitación e dun incremento das vivendas a demoler do 178,1%. Por tanto, as vivendas a demoler minoran o crecemento da variación neta do parque de vivendas.

Estadística de construcción de edificios. Xullo 2007.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Superficie total. Nova planta. (miles de m ²)	784	12,7%	46,8%
Variación neta parque de vivendas (número)	4.145	5,5%	47,2%
Vivendas a crear			
Vivendas a crear en nova planta	4.200	7,8%	48,1%
Vivendas a crear en rehabilitación	148	39,6%	2,2%
Vivendas a demoler	203	178,1%	24,6%
Datos corrixidos de efecto calendario			
Superficie total. Nova planta. (miles de m ²)	789	7,5%	45,4%
Vivendas a crear en nova planta	4.227	3,2%	46,7%


Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de construcción de edificios

A superficie total da edificación de nova planta creceu un 12,7% en xullo de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior

En xullo de 2007 a superficie total a edificar presenta unha taxa de variación interanual do 12,7%, tanto a superficie destinada a vivenda, taxa interanual do 12,1%, como a non residencial, que presenta aumento interanual do 16,6% contribúen a este crecemento. Corrixida de efecto calendario a superficie total presenta un crecemento do 7,5%.

No que vai de ano o crecemento da superficie total de nova planta é do 46,8% con respecto ao mesmo período de 2006, en termos de datos corrixidos de efecto calendario o crecemento acumulado nos sete primeiros meses de 2007 é dun 45,4%.

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual da superficie total de edificios de nova planta dende 1996.



Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de construción de edificios

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Comunicados en : <http://www.ige.eu>